

Tema 10: A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e 90.

Poetas e tendencias actuais máis relevantes

O ano 1975 supuxo un cambio político fundamental para España e Galicia. Coa morte de Franco comeza a transición á democracia tras case corenta anos de ditadura e prohibicións. A presenza da lingua e a literatura galegas no ensino e a oficialidade do galego supoñen un impulso sen precedentes para a promoción da literatura e multiplícanse as editoriais, os premios e as revistas literarias.

A Xeración dos 80

Foi o ano 1976 cando se deu un **cambio de rumbo na poesía galega**, dominada ata daquela pola corrente do socialrealismo, na que predominaba o contido sobre a forma. Este cambio veu dado pola aparición de dous libros que rompían con esta tendencia: *Seraogña* de Alfonso Pexegueiro e *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín.

Desde o ano 1975 producíronse relevantes novidades na poesía galega. Unha delas foi a aparición de colectivos poéticos, case sempre formados por poetas mozos. Entre eles destaca **Rompente**, creado en Vigo en 1975 e formado por Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel Romón ou Alfonso Pexegueiro. Os membros deste colectivo publicaron libros colectivos e elaboraron diversos manifestos (*Silabario da turbina*, *Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio!*, ...). En Santiago formouse outro dos colectivos importantes da época: **Cravo Fondo**. Estaba integrado por Ramiro Fonte, Xesús Rábade, Xesús Valcárcel, Helena Villar, Feiz Vergara... Estes autores publicaron un libro colectivo e un manifesto onde declaraban a súa intención de renovar a poesía galega. Máis adiante, xa na década dos 80, apareceu na Coruña o colectivo **De amor e desamor**, onde estaban moitos dos grandes poetas que formarían parte da xeración dos 80.

Fálase da década dos 80 como unha nova “idade de ouro” da poesía. A aparición de revistas poéticas (*Dorna*, *Cadernos de poesía*), a convocatoria de premios literarios (Esquíu, Leliadoura, González Garcés, Celso E. Ferreiro...) e, sobre todo, a creación de editoriais que sostiveron coleccións poéticas propiciaron que se desen a coñecer moitos autores novos.

➤ Autores da Xeración dos 80

- **Xosé María Álvarez Cáccamo.** Recompilou en 2003 no volume *Ancoradoiro* a quincena de obras escritas nos anos 80 e 90 (*Praia das furnas*; *Arquitecturas de cinza*; *Prego de cargos*; *Os cadernos da ira* etc.). Editou posteriormente novos poemarios, como *Vilar dos fillos* (2004), *Vento de sal* (2008) ou *Tempo do pai* (2008).
- **Miguel Anxo Fernán-Vello.** A temática paisaxística, a aparición de elementos simbólicos tomados do mundo natural e o erotismo definen poemarios como *Entre água e fogo*. *Contos da terra posuída* (1987), *Poemas da lenta nudez* (1994) e *Capital do corpo* (2004).
- **Ramiro Fonte.** Desde os seus primeiros libros, *As cidades da nada* (1983) e *Designium* (1984), elaborou un discurso poético filosófico e reflexivo.

- **Pilar Pallarés.** No seu primeiro libro, *Entre lusco e fusco* (1980), combínanse poemas intimistas e poemas sociais. A partir do segundo, *Sétima soidade* (1984), rompe co socialrealismo para expresar un intimismo presidio pola soidade.
- **Lois Pereiro.** En 1992 publica *Poemas 1981/1991* e no 1995 *Poesía de amor e enfermidade*, volume no que afronta con lucidez extrema a confrontación final coa morte.
- **Antón Reixa.** Cineasta, cantante do grupo Os Resentidos e animador do Grupo de Comunicación Poética Rompente, escribiu, entre outros, os poemarios *Silabario da turbina* (1978), *Viva Galicia beibe* (1984), *Historia do Rock and Roll* (1985), compostos por poemas-canción rupturistas e combativos, con gusto pola experimentación, moi influídos pola linguaxe audiovisual.
- **Manuel Rivas.** O seu primeiro poemario foi *Libro do Entroido* (1979), ao que seguiría *Anisia e outras sombras* (1981). En 1985 publica *Balada nas praias do Oeste* e en 1987 *Mohicania*, poemarios que explicitan unha reflexión moi persoal sobre o pasado, o presente e o porvir de Galiza.
- **Ana Romaní.** É autora de *Palabra de mar* (1987), *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998). Ofrécenos nestes libros unha visión intimista da existencia e unha constante reivindicación do universo feminino.

➤ **Características da poesía da Xeración dos 80**

- **Culturalismo:** omnipresenza de referencias míticas, históricas, literarias e/ou artísticas nun poema. Podemos atopar nun poema personaxes do cine, do cómic, mitos clásicos grecolatinos ou referencias á música...
- **Variedade temática** centrada principalmente:
 - Na invocación da Terra, en ocasións cunha visión paradisíaca e apocalíptica, é dicir, cántase o paraíso perdido da Galicia que nalgún momento da historia existiu e foi real. (vid. poema de Alfonso Pexegueiro)
 - Na meditación sobre a morte e o tempo que pasa irremediabilmente cunha tendencia ao elexíaco e á nostalgia. Por veces recréase o tópico do *ubi sunt*? (vid. “Diante da Compostela doutros días”, de X. L. Méndez Ferrín)
 - Na infancia como patria perdida do home. (vid. “Ourens”, de X. L. Ferrín)
 - No intimismo amoroso e no erotismo frecuente agora na poesía dos 80. (vid. poema de Claudio Rodríguez Fer)
- **Simbolismo e mitoloxía.** Mitos como o de Helena, Eros, Morgana..., e símbolos como os da mazá, a cinza, a casa, as ortigas, o sal, a praia, a illa, as aves de rapina, os espellos ou os tradicionais río e mar contribúen a crear unha linguaxe pouco accesible. (vid. poema de F. Salinas Portugal)

- A **mazá** tanto pode ser un símbolo amoroso-erótico como o símbolo do paradisíaco, cando o poeta lembra o pasado.
 - A **cinza** representa a morte igual que as **ortigas**, o **sal** e as **aves de rapina**.
 - A **casa** é a infancia ou o pasado do poeta cunha visión paradisíaca.
 - Os **espellos** revelan o noso propio ser ou a irrealidade do real e a incerteza.
 - A **praia** e a **illa** reflicten a soidade do poeta.

- **Preocupación estilística:** teñen un gran rigor no uso da lingua poética, afastada do desleixo formal do socialrealismo anterior. Acostuman coidar a métrica e a estrofa, que é xeralmente medida.
- **Existencialismo** derivado da dor e da angustia que padece o poeta no intento de recuperar o tempo pasado. O poeta séntese só, derrotado e perdido no mundo que o rodea e do cal quere fuxir. Ás veces considérase náufrago nunha illa:

Cavaleiro dorido

Nas espidas praias

Da vida

Lino Braxe: “Amor do bosco”, en *Banquete*

- **Incipiente poesía experimental** grazas á técnica da colaxe textual. O Grupo Rompente intercala versos, anuncios comerciais, fotografías, debuxos...Esta poesía experimental é a máis próxima ao vangardismo poético, xa que os autores destrúen o concepto tradicional de estrofa para crearen versos sen rima con rupturas sintácticas. (vid. poema de A. R. Reixa)

A Xeración dos 90

Na **década dos 90** deuse unha eclosión de numerosas voces novas e de colectivos. De entre eles, os máis coñecidos foron **Ronseltz**, o **Batallón literario da Costa da Morte** ou **Sete Naos**, con moita repercusión polos seus numerosos recitais (en festas populares, bares, prazas, rúas...). Tamén foi importante a aparición de coleccións poéticas editoriais como Espiral Maior, Ablativo Absoluto ou Letras de Cal.

➤ **Autoras/es da poesía da Xeración dos 90**

Un dos fenómenos máis sobranceiros foi a aparición dun significativo número de **voces femininas**.

- **Olga Novo.** É autora dos libros *A teta sobre o sol* (1996), *Nós nus* (1997) e *A cousa vermella* (2004). A súa poética, ideoloxicamente feminista, céntrase a miúdo na experiencia erótica como gozo e no corpo como lugar de autoafirmación.
- **Yolanda Castaño.** É unha das voces máis destacadas da súa xeración. Deuse a coñecer con *Elevar as pálpebras* (1995). Os tres libros seguintes, que representan un canto sensualista ao pracer, reúnen en 2009 no volume *Erofanía*.
- **Marta Dacosta.** É autora, entre outros, dos poemarios *Crear o mar en Compostela* (1993), *Pel de ameixa* (1995) e *Acuática alma* (2011).
- **María do Cebreiro.** Publicou, entre outras, as seguintes obras: *Nós, as inadaptadas* (2002), *Non queres que o poema te coñeza* (2004) ou o *Cuarto de outono* (2008).

Alén das autoras mencionadas, cabe nomear o labor de Chus Pato, Marica Campo, Emma Couceiro, María do Cebreiro, Helena de Carlos, Lupe Gómez, María Lado ou Eva Veiga, que contribuíron á creación dun discurso feminino.

Ademais das mulleres citadas, salientan autores como Fran Alonso, Miro Villar, Estevo Creus, Xabier Cordal, Rafa Villar e Martín Veiga.

➤ **Características da poesía da Xeración dos 90**

Malia que este grupo de **autores/as dos 90** se caracteriza pola pluralidade estilística, é posible determinar unha serie de trazos comúns na súa poesía:

- **Linguaxe directa e coloquial**, aínda que coidada. A narratividade e o coloquialismo relaciónase coa oralidade dos recitais. Isto xustifica a presenza consciente de dialectalismos e vulgarismos na procura de espontaneidade. (vid. poema de Carlos Negro)
- **Ruptura das barreiras entre os xéneros** (intertextualidade: mestura de elementos da poesía con outros dramáticos e narrativos) e **as artes** (poesía visual, performances, videocreación...). (vid. poema de Séchu Sendé)
- **Tendencia ao intimismo**, á expresión das vivencias persoais. Ton apaixonado. (vid. poema de Lupe Gómez)
- Preferencia polo **versolibrismo** e a experimentación formal.
- **Tratamento anovado dos temas eternos** (amor, morte, vida...) e introdución de **temas socio-políticos** de actualidade: antimilitarismo, ecoloxismo, feminismo, a identidade galega etc. (vid. poema de Gonzalo Navaza)
- **Unha relectura da tradición mítica e literaria en chave feminista**, que ofrecen moitas poetas. (vid. poema de Xohana Torres)

A poesía actual galega segue a caracterizarse pola súa diversidade e calidade, e son moitos/as os/as autores/as que se suman a ela: Tamara Andrés, Xabier Xil Xardón, Rosalía Fernández Rial, Gonzalo Herme (Premio Nacional de Poesía Miguel Hernández, 2015) ou Alba Cid (Premio Nacional de Poesía Miguel Hernández, 2020). Igualmente, a poesía segue a conversar con outras artes, como a música ou a imaxe (videopoemas, recitais...); busca o seu oco na Internet (blogs, Twitter...) e en novos proxectos editoriais (Chan da Pólvora, Apiario...), e tamén se achega ao público máis novo, a través de obras como *Street Poems* de Fran Alonso ou *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro.